

ACTA DA 7ª ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE COOPERACIÓN EXTERIOR ÉGUEIRE

Ás 17:30 horas do día 15 de xaneiro de 2105, en segunda convocatoria, no local parroquial de San Xoán Bautista de Mazaricos, da inicio a sétima Asemblea da Asociación de Cooperación Exterior Égueire na que se atopan presentes os socios que figuran a continuación:

- Désiré Kouakou Tanoh (Presidente)
- Xosé Manuel Pensado Figueiras (Vicepresidente)
- Juan José de Rojas Silva (tesoureiro)
- Manuela González Maceiras
- Maruja Romero Iglesias
- Miguel Alvite Iglesias
- Manuela Pérez González
- Xosé Santos Solla
- Consuelo Jurjo
- Elisa Baña Atán

Estiveron tamén presentes varios colaboradores e persoas que solicitan ingresar na asociación e que se citarán no seu momento así como algunhas persoas invitadas polo seu interese no funcionamento da asociación e dispostos a colaborar do xeito que lles sexa posible.

Iníciase a asemblea coa intervención do presidente lembrando as orixes da asociación e animando a continuar co empeño.

A orde do día é a seguinte:

1º.- Lectura da acta da asemblea anterior: aprobase e asínase.

2º.- Lectura dos novos socios:

- Carlos Martorell Gendra
- María Luz Méndez Fernández (presente)
- María Lurdes Pardo Fernández (presente)
- Vicente García Domínguez e a súa dona Isolina Cambeiro Vilar (presentes)
- María Dolores Amigo Espasandín.
- Luisa López Gutiérrez (presente)
- Juan Antonio Pérez López

- María Elena Rodríguez Martínez (presente)
- Jesús María Pena Unanue
- Aurora García Canosa (presente)
- E como colaborador, Andrés Regueira Ces.

Acéptase a incorporación de todos eles.

3º.- Cargos da directiva: Dáse lectura a renuncia, por razón persoais, ó seu cargo da actual secretaria, María Teresa del Río Romero.

O presidente propón a Xosé Manuel Pensado Figueiras para asumir a secretaría e a Manuela González Maceiras como vicepresidenta. Eles aceptan a proposta que é referendada pola unanimidade dos socios asistentes.

4.- Memoria Anual do 2014:

O presidente, tras agradecer a incorporación de novos socios e insistir na importancia de proseguir cos obxectivos trazados, pasa a comentar as actividades realizadas ó longo do ano 2014:

- 1.- Plantación de árbores de teca coa dobre finalidade de delimitar a propiedade da asociación na aldea de N'Zida e con vistas a que no futuro forme parte do proxecto de formación profesional que se prevé organizar na finca.
- 2.- Micro-créditos: tres cooperativas están en segunda fase, é dicir, na entrega da segunda parte do micro-crédito e unha, a de Nadibou II, en primeira fase. Comenta que todas as cooperativas están funcionando moi ben.
- 3.- Os nenos de Delphine: comenta a colaboración da asociación con este proxecto no que Mme Delphine acolle e atende nenos trala morte das súas nais.
- 4.- Formación de dous alumnos no centro Fonteboa de Coristanco para que sexan logo profesores no centro de formación agrícola que se proxecta facer en N'Zida.

Comunica as dificultades que está habendo polas esixencias documentación escolar para a convalidación de estudos e a obtención do visado de estudos.

5.- CONTABILIDAD EGUEIRE 2014

SALDO A 31/12/2013	11469,60€
INGRESOS	25409,30€
GASTOS	18431,10€
SALDO A 31/12/2014	18447,80€

5.1 INGRESOS.

A.- CUOTAS SOCIOS Y COLABORADORES	12038'00€
B.- INGRESOS FIESTA AFRICANA	7816'00€
Menús	3960'00€

Mesa 0	1650'00€	Gastos 4192.80€
Rifas	206'00€	Beneficios 3623.20€
Mercadillo	2000'00€	
C.- CENA BENEFICA NADAL		1922'00€
Menus	360'00€	
Mesa 0	670'00€	
Rifas	410'00€	
Mercadillo	482'00€	
C.- CALENDARIOS		165'00€
D.- DONATIVO INSTITUTO EDUARDO PONDAL		171'91€
E.- ARTESANIA venta		100'00€
F.- DONATIVO FUNDACION		50'00€
G.- DONATIVOS VARIOS		3146'40€
TOTAL INGRESOS.....		25409'30€

5.2.- GASTOS

PROYECTOS:

A.- LOS NIÑOS DE DELPHINE	FEBRERO	171'00€
	DICIEMBRE	500'00€
B.- PROYECTO FORMATIVO PLANTACION DE TEKA		
Material y gastos		285'00€
C.- Traducción jurada expedientes alumnos becados		1200'00€
D.- Dossier embajada de los alumnos		326'50€
E.- ASOCIACION DE MUJERES NADIBOU		366'00€
F.- PROYECTO MATERNIDAD NADIBOU		
Estudio viabilidad, planos, presupuestos.		1052'50€
VIAJE FEBRERO 2014		3821'30€
A.- Avión		1000'00€
B.- Viaje aparejador Burkina a Grand Lahou		350'00€
C.- Hotel 17 días aparejador		510'00€
D.- Alquiler de coche		686'00€
E.- Combustible		275'00€

F.- Estudios de investigación realizados		312'30€
G.- Hotel Grand Lahou responsable Galicia		300'00€
H.- Dietas dos personas		388'00€
VIAJE DICIEMBRE		1873'20€
A.- Viaje de Burkina a Grand Lahou		350'00€
B.- Alquiler coche		571'00€
C.- Gasolina		232'50€
D.- Hotel		300'00€
E.- Dietas		170'00€
F.- Material		250'00€
COMPRAS ARTESANIA	Febrero	1200'00€
	Junio	1400'00€
GRAFICAS IMPROSET		332'35€
MORGANITA STORE pulseras		86'40€
LIBRERIA TOMO Y LOMO kirikú		123'78€
TELEFONO TRAMITE ESTUDIANTES		206'00€
DIETAS DESPLAZAMIENTO TRAMITE ESTUDIANTES		200'00€
ARREGLO PALCO ACTUACIONES		475'00€
BILLETES AVIÓN (cocina fiesta africana)		1500'00€
TRAMITE VISADOS EMBAJADA		150'00€
INGREDIENTES COMIDA (Costa de Marfil)		450'00€
SEGURO ACCIDENTES		167'30€
MENSAJERIA		48'67€
ACTUACION BATUKO		900'00€
ASOCIACION ROSALIA DE CASTRO Padron -Mazaricos		264'00€
TRANSPORTE BATUKO Burela Mazaricos		350'00€
FEIRACO		215'22€
BEBIDAS		158'76€
CARBON		140'00€
5 MENUS A PICOTA		47'50€
RENOVACIÓN PAGINA WEB		116'00€

FOTOCOPIAS Y PAPELERIA	91'70€
GASTOS BANCARIOS	212'60€
TOTAL GASTOS	18431'10€

6.- Planificación para el año 2015:

- 1.- Continuar coa tramitación para o traslado e a formación dos mozos iniciada no ano anterior.
- 2.- Continuar apoiando o proxecto “Os nenos de Delphine”.
- 3.- Continuar cos micro-créditos.
- 4.- Proxecto da construción dunha maternidade en Nadibou 2 (Grand-Lahou. Informa sobre o proxecto: planos, gastos, financiamento. Móstrase o proxecto presentado na Xunta de Galicia para optar a unha subvención de 27.000'00€.
- 5.- Seguir co estudio do centro de formación agrícola de N'Zida.
- 6.- A nivel de sensibilización nos centramos en la preparación de la VII Festa Africana de este año que terá lugar o 4 de xullo.

7.- Ruegos y preguntas:

- 1.- Xosé Santos pregunta sobre a oportunidade de ir anticipándose nas obras do centro de formación agrícola co fin de que se poida pór en marcha en cuanto los estudiantes poidan volver a encargarse del.
- 2.- Alfonso Castiñeira, outro dos asistentes, pregunta sobre o compromiso dos mozos co proxecto de Égueire e Désiré explica que tanto eles coma os pais asinaron ante notario un compromiso de volveren ó pais para ser profesores no proxecto ou terán de devolver os cartos investidos neles. Tamén matiza de que nunca hai a seguridade do 100%.
- 3.- Varias persoas comentan lo bo de que los rapaces veñan a formarse aquí polo que ten de novidoso para eles e de coñecer directamente o xeito de traballar de aquí aínda que non sexa 100% exportable. Algún dos asistentes comentan as bondades do centro Fonteboa como formadores e educadores.
- 4.- Sublíñase a moita e boa colaboración de moitas persoas que se implican nos nosos proxectos e a gratitude da que son merecedoras.

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión ás 19.30 horas

Désiré kouakou Tanoh
Presidente

Manuela GonzálezMaceiras
Vicepresidenta

Juan José de Rojas Silva
Figueiras

Tesoureiro

Xose Manuel Pensado

Secretario

41ª reunión da Xunta Directiva da Asociación Égueire

O día 29 de marzo de 2015, na residencia da vicepresidenta, ás 16:00 horas, a directiva da asociación reúnese para recibir información sobre a viaxe que o presidente fixo a Costa de Marfil do 02 ó 18/03/15. Asisten tamén Vicente e Lurdes:

- Visita a un construtor para comezar a elaborar o proxecto da construción da maternidade.
- Visita a Grand-Lahou para revisar o funcionamento das cooperativas. Salvo a de Brafedon que ten certas dificultades, as outras están funcionando moi ben e mesmo colaboran entre elas. De feito están a crear unha rede de cooperación entre elas.
- Hai outras dúas cooperativas que solicitan un micro-crédito a Égueire para empezar a funcionar co cultivo e venda de produtos de horta. En espera de información.
- Visita a Delphine que neste momento está a coidar de 15 nenos: déixaselle un fondo económico na farmacia e para compra de alimentos, dáselle 250'00€ en efectivo así como roupa e calzado para os nenos. Ela, pola súa parte entrega referencia de todos os gastos anteriores. Está a organizar unha plantación para auto abastecemento para o que pide colaboración. Creou

Delphine a asociación “Les enfants du sourire” coa finalidade de facer un seguimento das mulleres preñadas para que, co axuda precisa, fagan as pertinentes revisións médicas. A finalidade última é evitar a morte das nais no parto e que sexan elas as que críen ós seus filliños diminuíndo deste xeito o número de orfos a coidar.

- Visita a Nadibou II. Mostráronlle o terreo no que construír a maternidade e indícanlle que están coas xestións para a cesión do terreo á asociación. Mostráronlle varios proxectos que podían servir de referencia para a elaboración do definitivo.
- Visita a Ebounou: o alcalde proponnos a construción dun internado para os rapaces que viven lonxe dos centros de estudo.
- Danos razón cumprida das xestións para que os dous estudantes poidan vir finalmente ó centro Fonteboa de Coristanco. Todo apunta a que poderán incorporarse para o curso 2015-2016.
- Reunión cos membros da coral Saint Luc e do grupo Sotheca para perfilar a súa participación na festa africana.
- Repartímonos a tarefa de comezar a falar cos concellos e outras entidades en aras de ir pechando xa posibles concertos.
- En rogos e preguntas faise a proposta de que as distintas cooperativas sostidas por Égueire creen un fondo que permita, xunto coa asociación, conceder novos micro-créditos a cooperativas que puideran xurdir. Desiré explica que dentro desa rede de colaboración mutua que están a organizar xa contemplan esta posibilidade a partires de que as cooperativas actuais teñan devolto o montante dos créditos a elas concedidos.

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión ás 18:00 horas.

Désiré Kouakou Tanoh

Presidente

Xosé Manuel Pensado Figueiras

Secretario

42ª reunión da Xunta Directiva da Asociación Égueire

O día 26 de abril do ano 2015, ás 16:00 horas, na residencia do presidente reúnese a directiva da asociación coa seguinte orde do día:

- 1.- O presidente mostra o título de propiedade do terreo de N’Zida onde

pretendemos construír e organizar un centro de formación profesional. Explica que se dan por finalizados os trámites.

2.- Festa africana:

* A data confírmase para o catro de xullo nas instalación co CEPI de A Picota.

* Van participar como actuación un combinado da Coral Saint Luc Banabakintu e do grupo de danza e percusión Sotheca.

* Para a residencia destas persoas e das que veñan cociñar dispomos da Reitoral da Nsa Sra da Xunqueira de Cee, a reitoral de Santa Baia de Brens e haberá que arrendar un piso na localidade.

* Decídese arrendar e instalar unha carpa nas pistas de deporte do centro escolar para evitar a incomodidade que supuxo na edición anterior o uso do comedor do centro por falta de espazo.

* Acéptase que o cartel desta edición sexa deseñado por Montse Pernas. Decídese eliminar do cartel o recadro no que se di o de colaborar connosco na construción dun centro de formación profesional dado que este proxecto vaise retrasar.

* Coméntase e aprobase a iniciativa dalgúns colaboradores de montar un pequeno bar para servizo dos asistentes durante as actividades previas ó xantar.

* Quédase en comentar con Montse Pernas a posibilidade de que faga unha curta documental sobre as luces e sombras de África.

Dáse por rematada a reunión ás 17:00 horas.

Désiré Kouakou Tanoh

Presidente

Xosé Manuel Pensado Figueiras

Secretario

43ª reunión da Xunta Directiva da Asociación Égueire

O día 14 de xuño de 2015, ás 16:00 horas, na residencia da vicepresidenta, reúnese a directiva da Asociación para tratar os seguintes asuntos.

- O presidente informa das dificultades que se están atopando para a concesión de visados ás persoas que pretendemos que asistan dende Costa de Marfil á Festa africana, tanto para a cociña como para a actuación.
- Data de chegada, si se solventar o dos visados, de todas as persoas.

Informase de que van residir nas reitorais de Cee e Brens e en dúas casas que nos cederon dous veciños de Brens.

- Infórmase dos concertos que están apalabrados con concellos e parroquias e vanse redobrar os esforzos para conseguir algún máis.
- Distribúense as distintas tarefas da festa.
- Informa Désiré sobre as dificultades que sigue habendo para a consecución dos visados dos mozos que pretendemos veñan estudar ó centro de Fonteboa, Concello de Coristanco.
- Comentamos a probable necesidade de facer unha nova viaxe a Costa de Marfil entre os meses de setembro ou outubro dependendo de como avancen as diversas tramitacións posta en marcha.

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a reunión ás 17:30 horas.

Désiré Kouakou Tanoh

Presidente

Xosé Manuel Pensado Figueiras

Secretario

44ª reunión da Xunta Directiva da Asociación Égueire

O día 27 de decembro de 2015, na residencia do presidente, ás 15:30 horas, temos unha reunión da Asociación para tratar as seguintes cuestións:

- Iniciamos a reunión facendo unha revisión- valoración dos proxectos de sensibilización feitos durante o verán aquí en Galicia. A apreciación de conxunto foi positiva.
- Necesidade de que Désiré viaxe a Costa de Marfil para pechar as últimas cuestións para poder iniciar a construción da maternidade na localidade de Nadibou II.
- Presentar solicitude na Deputación da Coruña ó abeiro da Convocatoria do programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades culturais durante o ano 2016.
- Comezamos a falar da Festa Africana 2016. Decídese que terá lugar o día 2

de xullo nas instalación do CEPI de A Picota se non hai incumbinte por parte do centro. Fálase anímesmo de intentar repetir o esquema da actuación musical do ano anterior. Infórmase de que Luisa López Gutiérrez comprométese a elaborar un informe audiovisual cunha selección dos concertos deste ano que sirvan para facer unha presentación máis adecuada de cara ás entidades ás que podemos solicitar contraten unha actuación para o ano 2016.

Sen máis asuntos que tratar dáse por finalizada a reunión ás 17:00 horas.

Désiré Kouakou Tanoh

Presidente

Xosé Manuel Pensado Figueiras

Secretario